

Acreditación da competencia dixital para o alumnado de 2º de bacharelato e 4º de ESA.

Obtención da certificación COM-DIX

1.- Que é a certificación COM-DIX e para que vale?

É a certificación galega en competencia dixitais promovida pola Administración galega e que certifica o nivel que ten una persoa para utilizar as tecnoloxías dixitais, tanto a nivel persoal como social e profesional.

Servirá para demostrarlle a calquera institución, empresario ou persoa o noso nivel de aptitude no uso das tecnoloxías dixitais.

O certificado terá una validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou do alumno ou da realización da proba específica.

2.- Cal é a estrutura do marco galego de competencias dixitais?

Ten 5 áreas de dominio, 21 competencias e 4 niveis de aptitude. Podelo consultar aquí.

<https://competenciasdixitais.xunta.gal/areas.html>.

3.- 4º ESO

O alumnado que obteña o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria recibirá o certificado que acredite o **nivel de iniciación**.

O alumnado matriculado en 4º de educación secundaria obrigatoria poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias do **nivel intermedio**. A proba específica que acredita o nivel intermedio realizarase durante o mes de maio e xuño.

A proba específica para acreditar o nivel intermedio axustarase ás cinco áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais:

A alumna ou o alumno debe responder nun tempo máximo de 90 minutos un total de 60 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía referidas a cada unha das cinco áreas de dominio (12 preguntas por cada área).

Podes ver un modelo de proba en:

<https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/es/demo/examen/20404/pregunta/1/popup>

Para superar a proba específica de nivel intermedio deberase responder correctamente a un 70% do total de preguntas, sendo necesario obter un mínimo do 60% de respostas correctas en cada unha das cinco áreas.

Descarga o formulario de inscrición que terás que entregar en secretaría antes do venres día 22 de maio

<https://www.edu.xunta.gal/centros/epariolerez/?q=system/files/Anexo%20I%20Formulario%20Inscricion.pdf>

4.- 2º de Bacharelato, Como é a acreditación do alumno?

- A obtención do título de bacharelato acredita que o alumnado ten os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel intermedio descritos no Marco Galego de Competencias Dixitais. Dichos certificados os expenderá a secretaría da EPA unha vez obteña o título.
- Alumnado matriculado en 2º de bacharelato poderá presentarse a unha proba específica co obxectivo de acreditar os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel intermedio descritas no Marco Galego de Competencias Dixitais.

- As certificacións COM-DIX mediante esta proba estarán dispoñibles na Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumna ou alumno. Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirán a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.
- A proba específica para 2º de bacharelato que acredita a área de dominio 4 de nivel intermedio realizarase durante o mes de xuño. (data e hora pendente da publicación, lugar no centro EPA)
- Contido da proba. A proba específica para acreditar a área de dominio 4, “Seguridade e privacidade”, axustarase a definición de dita área no nivel intermedio no Marco Galego de Competencias Dixitais. O alumnado debe responder nun tempo de 20 minutos un total de 12 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía, se considerará superada se responde correctamente ao 60 das preguntas. Enlace ao Modelo de Exame.

Descarga aquí o formulario de inscrición que terás que entregar en secretaría antes do mércores 22 de maio.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/epariolerez/?q=system/files/Anexo%20I%20Formulario%20Inscricion.pdf>